




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Muros e Outes ao leste. Parroquias: Santa Mariña de Esteiro en Muros, e San Xoán do Freixo de Sabardes en Outes. Extensión: 1,71 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Situada no sector oriental da Enseada de Esteiro, esta unidade presenta unha costa composta por depósitos areosos de praia a pesar de non estar ben desenvolvida a súa chaira costeira. O relevo interior componse polas ladeiras dunha aliñación montañosa, disposta de norte a sur, entre as que destaca o val fluvial do arroyo de Cernadas, con pendentes próximas ao 40%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A especie rochosa principal é un ortogneis biotítica blastomilonítico, mentres na esquina sudoeste da unidade e en moitos enclaves abertos baixo o ortogneis, aflora un granito hercíniano de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A cunca baixa do Rego de Cernadas inclúese no dominio climático Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais por enriba de 15° C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200 mm e 1400 mm.

OS SOLOS

Dominio dos solos pouco desenvolvidos especialmente na metade oriental da unidade formada por leptosoles líticos onde aflora en boa medida o substrato rochoso en superficie e regosoles nas vertentes. O resto da unidade caracterízase pola existencia de solos máis evolucionados do tipo cambisol dístrico.


AS AUGAS

A unidade atópase organizada hidrograficamente ao redor do val do arroyo de Cernadas, que recolle as augas da cunca hidrográfica ata desembocar na praia de Parameán, situada nas Augas Costeiras da Enseada de Esteiro (20174), na Ría de Muros e Noia.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa mixta con pequenos sectores de costa acantilada baixa. Aparece o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, ademais de dunas moi degradadas do grupo 21 (dunas marítimas atlánticas). No interior hai que destacar o bosque de ribeira do Rego de Cernadas e da caliña de Punta da Polbeira. Nas elevacións aparecen os ambientes rochosos do grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, e das matogueiras do hábitat 4030, Breixeiras secas europeas. En pequenos afloramentos dómicos costeiros pode aparecer a breixeira seca atlántica costeira de Erica vagans (4040).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio do uso forestal e de matogueira de substitución nas ladeiras montañosas que caen ao val, o arroyo Cernadas actúa de eixe central da unidade, conservando abundante vexetación ripícola no seu percorrido ata a chaira costeira, onde se producen os asentamentos de uso residencial relacionados con parcelario agrícola. A enseada de Esteiro é aproveitada para a explotación do uso marisqueiro e para o cultivo do mexillón. A praia de Parameán constitúe un atractivo dende o punto de vista turístico.

MORFOLOXÍA

Os núcleos tradicionais vincúlanse co parcelario agrícola existente. De forma illada o núcleo rural de Cernadas sitúase ao norte da unidade e na franxa costeira os núcleos do Portiño e de Uhía. Os asentamentos máis recentes sitúanse de forma dispersa na marxe superior da estrada AC-550 e algunhas construcións aséntanse sobre o acantilado e o propio areal de Parameán. As edificacións responden á morfotopoxía de baixo e planta, pero a variedade dos elementos e características construtivas non é fiel ao patrón do modelo territorial existente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 percorre a unidade bordeando a liña costeira chegando a invadir o areal de Parameán. Sendo este o trazado que une as diferentes poboacións da comarca. Outras pistas secundarias comunican os núcleos e os asentamentos entre si. A estrada AC-6204 mantén relacionado o núcleo de Cernadas cos outros asentamentos da zona. Por último destacar a existencia dunha rede de pistas e camiños que transcorren entre as ladeiras montañosas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural constitúeno un cruceiro e unha fonte situados en Uhía.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A configuración fisiográfica accidentada que forman os montes da Devesa, Outeiro dos Foles e Campo Grande, confire un aspecto montañoso á paisaxe, que é suavizada pola cunca fluvial do arroio Cernadas, dando orixe a un val cun reducido espazo agrícola, que culmina co areal de Parameán, na enseada de Esteiro. A poboación mantén o seu vínculo co uso agrícola en pequenas explotacións e a relación co sector pesqueiro grazas ao aproveitamento marisqueiro que ofrecen os areais da enseada e a presenza das bateas mexilloeiras.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As elevadas pendentes das ladeiras montañosas e o suave relevo da enseada de Esteiro introducen un factor de contraste paisaxístico moi marcado. Un punto de especial interese pola conca visual que ofrece é o Outeiro dos Foles. O corredor natural que conforma o arroio Cernadas abríndose paso entre as montañas culmina desembocando na praia de Parameán, ao resguardo da enseada de Esteiro, proporcionando en conxunto un enclave de singular beleza, cun alto potencial turístico na comarca. A visión desta paisaxe dende os montes que dan acubillo ao val ofrece unha ampla panorámica do contorno e da ría de Muros e Noia. Mostrándose o carácter mixto que outorga a ruralidade de núcleos e cultivos fronte ao carácter montañoso das ladeiras e o denso arboredo existente. O patrimonio cultural constituído polos elementos tradicionais do medio rural no litoral galego é un valor engadido.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



